



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIANXO

Intervención

Aprobación inicial do Orzamento de 2024

EDITO

Aprobación inicial do Orzamento 2024

O 24/05/2024 o Pleno Corporativo rexeitou por maioría aprobar inicialmente o Orzamento de 2024, vinculado a unha cuestión de confianza da Alcaldía. Desde o dito acordo iniciouse o prazo dun mes para a presentación dunha moción de censura con candidato alternativo.

O 24/06/2024 finalizou o antedito prazo sen que se presentase ningunha moción de censura, de acordo coa dilixencia da Secretaría Municipal. En consecuencia, enténdese outorgada a confianza á Alcaldía e aprobado inicialmente o Orzamento de 2024, as Bases de Execución e o cadro de persoal.

De acordo co artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais, ábrese un período de exposición pública de 15 días hábiles desde a publicación deste anuncio no BOP co fin de que poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas. No caso de que non se presente ningunha reclamación, o acordo inicial elevarase a definitivo.

Rianxo, 25 de xuño de 2024

O alcalde, Julián Bustelo Abuín

2024/4531